



RELACIÓN DE CENTROS ADHERIDOS Á INICIATIVA “VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA ESCOLAR”

(En relación coa Resolución de 5 de decembro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos)

O pasado 5 de decembro publicábase no Portal Educativo a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que daba a coñecer o programa “Bibliotecas Escolares Solidarias” con varias propostas destinadas a estimular o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura no alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, en centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Entre as iniciativas contempladas, no apartado 3 da devandita resolución recóllense as instrucións para a participación na denominada “**Voluntariado na biblioteca escolar**”, destinada a alumnado de ensino secundario, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial que colabora de forma asidua na biblioteca escolar. Este alumnado, unha vez rematado o curso, e sempre que se teñan realizado un mínimo de 15 horas de traballo voluntario na biblioteca do centro, recibirá un diploma ou un certificado emitido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

1. Revisadas as solicitudes de adhesión recibidas, achégase a relación de centros que participa nesta actividade:

Codigo	Nome	Concello	Provincia
15026704	IES David Buján	Cambre	Coruña (A)
15003212	IES Agra de Raíces	Cee	Coruña (A)
15005269	IES Urbano Lugrís	Coruña (A)	Coruña (A)
15026546	EOI de Ferrol	Ferrol	Coruña (A)
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	Coruña (A)
27015891	IES da Terra Chá, José Traperero Pardo	Castro de Rei	Lugo
27015761	IES Ánxel Fole	Lugo	Lugo
27015955	EOI de Lugo	Lugo	Lugo
27015311	IES A Pinguela	Monforte de Lemos	Lugo
32016431	IES San Mamede	Maceda	Ourense
32008941	IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	Ourense
32016777	IES Carlos Casares	Viana do Bolo	Ourense
36002335	IES Manuel García Barros	Estrada (A)	Pontevedra
36019402	IES Pazo da Mercé	Neves (As)	Pontevedra
36024756	CEE de Panxón	Nigrán	Pontevedra
36014520	IES Pedra da Auga	Ponteareas	Pontevedra
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	Pontevedra
36024628	IES Pedras Rubias	Salceda de Caselas	Pontevedra
36009901	IES San Paio	Tui	Pontevedra
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Pontevedra



2. Os centros adheridos ao programa “Voluntariado na biblioteca escolar” deberán realizar un seguimento das actividades nas que o alumnado colaborador participa (nº de horas por curso escolar, relación de actividades).
3. O alumnado participante deberá ter asinado un compromiso de colaboración segundo o modelo do Anexo III da convocatoria de 5 de decembro (e no caso dos menores de idade, contar con autorización de pais ou titores legais).
4. Con data límite do 30 de xuño de 2015, desde a dirección do centro remitirase unha relación definitiva do alumnado colaborador, con indicación de nome, apelidos, DNI, data de nacemento e nº de horas de voluntariado realizadas na biblioteca escolar, así como unha breve relación de actividades, xunto con copia do compromiso de colaboración asinado no seu momento polo/a alumno/a e a persoa responsable da biblioteca escolar. Pódese descargar unha folla de cálculo no enderezo http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/descargas/alumnado_colaborador_1415 ods que, unha vez cuberta, se enviará ao correo asesoria.bibliotecas@edu.xunta.es
5. Revisada esta información, a Dirección Xeral de Xuventude Voluntariado depositará as experiencias das persoas voluntarias no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia e emitirá os diplomas ou certificados correspondentes, tal e como aparece contemplado na resolución de convocatoria do 5 de decembro de 2014.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2015
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS



Jose Manuel Pinal Rodriguez
José Manuel Pinal Rodríguez